

CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL PARA O 27 DE XUÑO DE 2016 (PLENO 07/2016)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por resolución 1657/2016 de 22 de xuño, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 27 de xuño de 2016 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 27/06/2016
Convocatoria: Sesión 07/2016	Hora: 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (30/05/2016). Aprobación.
- 2.- Inventario municipal de bens do concello de Carballo. Rectificación a 31/12/2015. Aprobación. (CIFECRIC de 21/06/2016).
- 3.- Bonificación do 80% no imposto sobre construcións e obras (ICIO), para construción de nave industrial destinada a taller mecánico de reparación de maquinaria. (CIFECRIC de 21/06/2016).
- 4.- Bonificación do 95% no imposto sobre construcións e obras (ICIO), para construción de nave industrial destinada en parte a almacén de produtos de limpeza e en parte sen actividade específica. (CIFECRIC de 21/06/2016).
- 5.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 6692 de 7 de xuño de 2016, sobre o comercio local. (CIBPS de 21/06/2016)
- 6.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 6694 de 7 de xuño de 2016, para a posta en marcha dun sistema gratuito e solidario de intercambio de libros de texto e material escolar. (CIBPS de 21/06/2016)
- 7.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 7020 de 15 de xuño de 2016, de declaración institucional - día nacional das linguas de signo españolas. (CIBPS de 21/06/2016)
- 8.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada nº 7021 de 15 de xuño de 2016, para garantir a seguridade pública na Praia de Razo e previr derrubes que poidan causar desgrazas humanas. (CIBPS de 21/06/2016)
- 9.- Seguimento de órganos de goberno
 - 9.1.- Información rendida ao Ministerio de facenda e administracións públicas en cumprimento do artigo 19 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución primeiro trimestre exercicio 2016 do concello de Carballo. Toma de coñecemento.
 - 9.2.- Resolucións da Alcaldía.
 - 9.3.- Acordos da Xunta de Goberno Local
 - 9.4.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sívase asinar a presente.

Carballo, 22 de xuño de 2016

O Secretario



D. José Villán Fuertes
